

ACORDO do 19 de maio de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Monteagudo (modificación substancial), nos concellos de Arteixo, A Laracha e Carballo (A Coruña) (expediente IN661A 2003/03). DOG Núm. 104, do 1 de xuño de 2022. **Fin prazo para alegacións: 14 de xullo de 2022.**

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220601/AnuncioV0653-230522-0018_gl.html

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
Parque eólico Monteagudo (nº expediente: IN661A 03/03).	Eólicos Breogán, S.L.U. (CIF: B36922524).	Arteixo, A Laracha e Carballo (A Coruña).	<p>Cinco (5) aeroxeradores tripá, modelo Nordex N149 IECS, de 4.500 kW de potencia nominal unitaria, aínda que se regularán a 4.500 kW, 4.380 kW e tres deles a 4.000 kW. De velocidade variable, diámetro do rotor de 149,1 m e altura ata a buxa de 125 m.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cinco (5) centros de transformación trifásicos de relación de transformación 0,66/30 kV, montados no interior da torre de cada aeroxerador. • Unha (1) subestación eléctrica transformadora (SET) 66/30 kV, denominada subestación Monteagudo, cun transformador de potencia de tipo intemperie, trifásico, potencia aparente nominal 45 MVA e relación de transformación 66/30 kV. Esta SET disporá dos seguintes elementos: <ul style="list-style-type: none"> – Un (1) módulo de liña 66 kV. – Un (1) módulo de transformación 66/30 kV. – Un (1) transformador de potencia 45 MVA 66/30 kV. – Dúas (2) celas de transformador 30 kV. – Cinco (5) celas de liña 30 kV. – Un (1) transformador de servizos auxiliares. – Unha (1) cela de servizos auxiliares 30 kV. – Dúas (2) celas de baterías de condensadores.

		<ul style="list-style-type: none">• Esta SET servirá como centro de transformación para os parques eólicos Monteagudo e Pedra Queimada (este último é obxecto doutro proxecto independente, con nº expediente IN408A 2020/70 e actualmente en tramitación). Nela elevarase a tensión da corrente producida polos parques eólicos de 30 kV a 66 kV para poder transportala ata a subestación Morás.• Contará cun edificio de control de 600 m² de superficie total aproximada, con salas independentes para distintos usos, e que se situará fronte á subestación.• Os aeroxeradores agrúpanse en dous (2) circuítos soterrados, cada un á tensión de 30 kV. Estes circuítos chegan á subestación Monteagudo. O condutor utilizado será do tipo RHZ1 18/30 kV, de aluminio e sección 240 mm².• Disporase dun único sistema de terras enlazando, mediante cable soterrado de cobre de 50 mm², os circuítos de posta á terra dos aeroxeradores.• Pola mesma gabia que as liñas de media tensión instalárase unha rede de comunicacións que utilizará como soporte un cable de fibra óptica e que se empregará para o control centralizado do parque.• A subestación Monteagudo conectarase a unha nova liña de alta tensión de 66 kV proxectada en tramos soterrados e aéreos, dende a subestación Monteagudo ata subestación de Morás. O proxecto desta liña non entra dentro do alcance deste proxecto.
--	--	--

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) das instalacións.

Documentación que se expón:

1. Proxecto técnico (outubro 2021-visado 4.5.2022).
 - 1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.
2. Estudo de impacto ambiental (EIA) (outubro 2021-asinado 18.10.2021).
3. Proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) (outubro 2021-visado 18.10.2021).